

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS 2013

A.D SQUASH CLUB SANTIAGO

BASES:

1. O Campionato disputarase nas instalacións do Squash Club Santiago C/ Rosalía de Castro nº 59- Milladoiro (Ames), Tfno 981-530012; O **día 23 de novembro de 2013** (en caso de haber un gran número de inscricións podería xogarse o 22 de novembro).
2. Para inscribirse no torneo é obrigatorio estar en posesión da licenza da F.G.S. para o ano 2013.
3. As inscricións realizaranse ben no FAX da Federación Galega de Squash, 986202601 ou ben por e-mail info@fgsquash.org.
4. O peche das inscricións será o **mércres día 20 de novembro ás 20 horas. O precio da inscrición será de: Equipo Masculino 20,00€, Equipo Feminino 15,00€.**
5. O Xuíz-árbitro do torneo será **D. Pablo Rodríguez Mosquera** e as súas decisións serán inapelables.
6. A bola oficial do campionato será a Dunlop Revelation Pro XX (dobre punto amarelo).
7. Os partidos disputaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos (punto directo, empate a 10 puntos a dous de diferenza). Xogarase unha fase de consolación, para os xogadores que perdan na primeira ronda.
8. Os equipos serán de 4 compoñentes en equipos masculinos (+ 2 suplentes) e 3 compoñentes nos equipos femininos (+1 suplente).
9. Será obrigatorio coñecer o horario dos partidos, que a cada deportista corresponda, os xogadores que perdan en primeira ronda do cuadro principal xogarán unha fase de consolación.
10. Aplicarase riguroso W.O., unha vez transcurridos 15 minutos da hora fixada para o comezo do partido.
11. Entregaranse Trofeos ós dous primeiros equipos clasificados e os equipos campións de consolación.